



BASES ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS 2021-2022

As presentes actividades culturais e deportivas, por motivo da crise sanitaria que estamos a padecer, organizaranse soamente para persoas empadroadas no Concello de Bergondo.

Prazo de presentación de solicitudes: do 6 ao 10 de setembro de 2021.

1. Horarios e formas de presentación de solicitudes:

Poden elixir unha das seguintes opcións:

- **Vía E-mail:** dende as 00.00 h do día 6 de setembro ata as 14.00 h do día 10 de setembro no correo electrónico cultura.deportes@bergondo.gal (indicando en concepto: **preinscrición Actividades Culturais e Deportivas**), nas que se enviará confirmación da solicitude vía e-mail.
- **Vía formulario on-line:** dende as 00.00 h do día 6 de setembro ata as 14.00 h do día 10 de setembro na páxina web bergondo.gal.
- **Vía telemática** a través da sede electrónica municipal dende as 00.00 h do día 6 de setembro ata as 14.00 h do día 10 de setembro.
- **Vía presencial:** de 9.30 a 14.00 h na Casa de Cultura dende o día 6 ao 10 de setembro (**con cita previa**).

2. Listaxes provisionais: O día 15 de setembro publicaranse na páxina web do concello e na Casa de Cultura os listados provisionais por actividade.

3. Prazo de reclamacións: O prazo de reclamacións ás listaxes provisionais será os días 16 e 17 de setembro.

4. Sorteo público e publicación listaxes definitivos: Se hai máis solicitantes que prazas, realizarase un sorteo público, na Casa da Cultura, o día 20 de setembro de 2021, ás 10.00 h.

Publicaranse na Casa de Cultura e na páxina web do Concello (bergondo.gal) as listaxes definitivas das actividades coas persoas admitidas por actividade e as actividades que non se desenvolverán por non acadar un mínimo de solicitudes.

5. Prazo de inscricións e pago das actividades: do 23 ao 28 de setembro. Se rematado este prazo, as persoas admitidas non realizan a inscrición, serán substituídas polas que figuran na lista de reserva.

6. Material: Nas actividades culturais e deportivas as persoas inscritas teñen que levar o seu material.

7. Reducións de cotas:

- a) 50% para familias numerosas.
- b) 50% para persoas inscritas no Programa de Voluntariado dos Servizos Sociais Municipais.

c) 50% ou 100% da cota, a aquelas persoas que se consideren desfavorecidos, previo informe da Área de Benestar Social.

d) 50% para as persoas que acrediten debidamente figurar nos rexistros do paro, ou ben no caso de menores de idade cando ambos proxenitores ou titor do participante o acrediten. Para acreditar a dita situación, deberase entregar xunto coa solicitude un xustificante da oficina do INEM, cuxa data coincida co período de preinscrición.

Nos casos en que as persoas teñan dereito á redución de cota, deberán achegar o xustificante correspondente no momento da inscrición.

8. O Concello de Bergondo resérvase o dereito de **efectuar as modificacións** nas instalacións, horarios, profesorado, de facer reagrupamentos, etc que se consideren necesarias; ou anular algunha actividade, por motivos organizativos ou pola normativa vixente actual da crise sanitaria COVID-19.

9. O número máximo de persoas por actividade está considerado tendo en conta as circunstancias actuais do COVID-19, no momento de realizar a publicidade das actividades, e ás características das instalacións. Se as medidas sanitarias cambian, os máximos estarán determinados polas instalacións e medidas sanitarias vixentes en cada momento.

10. Teranse en conta para previr a posibilidade de contaxios do coronavirus, entre outras que poidan recomendarse o xurdir desde as diferentes administracións públicas, as seguintes medidas de control e prevención da transmisión do COVID-19:

- Garantizarse o cumprimento de protocolos de seguridade (medidas persoais de hixiene e prevención obrigatorias); así como a intensificación das tarefas de limpeza e desinfección dos espazos e materiais.
- Os profesionais a cargo das actividades velarán: pola seguridade da actividade mediante o control diario da saúde de cada participante á entrada nas instalacións, polo adecuado cumprimento de todos os protocolos e normas de seguridade establecidos; e tomarase o control da temperatura dos participantes.
- Os proxenitores ou titores dos participantes deberán responsabilizarse da súa situación particular fronte ao COVID-19, de tal forma que si alguén presenta sintomatoloxía asociada co coronavirus, ou estivo en contacto con alguna persoa que dese positivo, non acudirá e contactará co servizo de cultura e deportes do concello, na maior inmediatez.

11. Períodos no que non haberá actividades:

- Nadal: dende o día 18 de decembro de 2021 ata o día 8 de xaneiro de 2022, ambos inclusive.
- Entroido: días 28 de febreiro e 1 de marzo de 2022.
- Semana Santa: desde o día 11 ao 16 de abril de 2022, ambos inclusive.
- As clases rematarán o día 24 de xuño de 2022.

12. O preinscripto declarará na preinscrición que non padece enfermidade que os incapacite para a práctica cultural ou deportiva, tendo feito o oportuno recoñecemento médico.

13. Protección de datos, imaxes e traballos resultantes: Segundo o disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante, RGPD), e a Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, 3/2018 do 5 de decembro, así como o estipulado na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito á Honra, á Intimidade persoal e familiar e á Propia imaxe, o CONCELLO DE

BERGONDO, con CIFP1500800Fe domicilio en CARRETERA DA CORUÑA 12 15165, **BERGONDO**(A Coruña) é o Responsable do Tratamento. A autorización e licenza de uso da imaxe do Autorizante realizada neste acto refírese exclusivamente ás fotografías, vídeos ou calquera outro tipo de gravacións dixitais realizadas polo Concello de Bergondo, cos exclusivos fins anteriormente referenciados, polo que o Concello de Bergondo poderán facer uso das imaxes aos únicos efectos antes mencionados. A base legal para o tratamento dos seus datos está fundada na obtención do seu consentimento, mediante a súa clara acción afirmativa neste presente documento, de acordo co artigo 6.1.a de o RGPD. O interesado terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento. A difusión de imaxes en prensa e RRSS suporá unha comunicación de datos a terceiros atendendo á natureza e funcionamento destes servizos. Así mesmo, poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e oposición mediante escrito remitido á dirección do Responsable arriba indicada, solicitar máis información mediante correo electrónico á dirección dpd@bergondo.gal ou a través do Rexistro xeral do Concello de Bergondo incluíndo os seguintes datos: nome e apelidos do interesado, fotocopia do seu documento nacional de identidade, ou do seu pasaporte ou outro documento válido que o identifique e, no seu caso, da persoa que o represente, petición en que se concreta a solicitude, dirección a efectos de notificacións, data e firma do solicitante.

Atendendo ao exposto no parágrafo anterior: as persoas ou representantes que participan ou realizan as solicitudes nas actividades culturais e deportivas anuais 2021-2022:

- Autorizar a ceder os datos persoais da solicitude ao Concello de Bergondo e á empresa que impartirá as actividades.
- A hora de realizar a solicitude poderán autorizar ao CONCELLO DE BERGONDO uso das imaxes e vídeos das persoas participantes, así como os seus traballos resultantes, coa finalidade de divulgar e promocionar as actividades culturais e deportivas organizadas polo Concello de Bergondo, a través dos servizos da sociedade da información que éste mesmo considere (prensa, web, redes sociais, etc...).

14. Declaran coñecer e aceptar as bases que rexen esta convocatoria.